

A praza do Castro de Vilagarcía acolle unha nova proxección do programa *RedeCurtas 07*, desta volta cun innovador sistema de pantallas

Mr.Misto Films empregará unha pantalla inflábel que conta cunha superficie de proxección de 6'09 x 3'35

Vilagarcía de Arousa, 22 de agosto de 2007. A produtora Mr.Misto Films e a Concellaría de Mocidade e Solidariedade de Vilagarcía de Arousa organizan para este venres día 24, a partires das 22.30 horas na Praza do Castro, unha nova proxección enmarcada dentro do ciclo *RedeCurtas 07*, un programa de exhibición de curtametraxes que está percorrendo ducias de vilas e cidades galegas ao longo deste verán.

Na Praza do Castro da localidade, Mr.Misto Films vai facer a estrea pública dun espectacular sistema de proxección, único en Galicia, que ten como elemento central unha pantalla inflábel cunha superficie destinada a proxección, confeccionada en tea de alta definición e preparada para o formato 16:9, que mide 6'09 x 3.35 metros.

O responsábel de Mr.Misto Films, Xoán Mariño, sinalou que este sistema “está causando grande sensación en Galicia, incluso coa pantalla de menor tamaño, que xa se estreou en Coruña e nunha praia de Burela, e agardamos que con esta que imos empregar aquí sexa todo aínda máis espectacular, tanto polo seu impresionante tamaño como pola calidade que ofrece como superficie de proxección”. Mariño salientou que se trata dun mecanismo de proxección “moi versátil” pois permite tanto o seu emprego en exteriores como en espazos interiores ademais, dixo, “de ser de grande utilidade non só para proxectar cinema senón tamén para a súa colocación en congresos, concertos ou festivais pola espectacularidade que ofrecen unha vez infladas”.

Antes de dar comezo á sesión programada, a directora pontevedresa Susana Rei, vai presentar ante os veciños e veciñas de Vilagarcía, a súa curtametraxe experimental *Cousas do Kulechov* que vén de ser galardoada co Misto de Prata á mellor curta documental-experimental no Festival Creativo de Curtas *On & Off* que se celebrou en Ribadeo a comezos de agosto.

Alén da curta de Susana Rei vanse poder ver a comedia *Mi Tío Paco*, do director Tacho González, unha comedia ambientada nos anos 60 e 70 na que se recrea a historia dun tío que emprega ao seu sobriño como elemento de atracción para as mulleres; da comedia á animación, *Tadeo Jones, el sótano maldito*, do realizador Enrique Gato, no que rinde homenaxe a un dos grandes heroes do cinema tradicional, Indiana Jones; a comedia vén da man dun director galego, Juan Galiñanes, que firma a curta *Incomunicados*, con Luis Zahera como protagonista; da comedia ao thriller de acción con *El Canto del Grillo*, unha curta que reflexiona sobre o problema de ETA e o conflito en Euskadi; *Rosa dos Ventos*, dirixida por Jairo Iglesias, recentemente galardoado co

premio Mestre Mateo 06 á mellor curta por *Cicatrices*, achéganos ao mundo do mar a través da ollada dunha muller; e pecha a sesión a curtametraxe *El Relevo* de David González, na que se poden comprobar, a xeito de comedia, os esforzos dunha parella por ter un fillo.